



Elvira Ribeiro Tobío (Pontevedra, 1971) Nacín cando soaba na radio “Me and Bobby McGee” da rabuda da JanisJoplin. Desde pequena (eu tamén rabuda) interesoume a literatura, especialmente a poesía, aínda que teño moitos outros intereses (a lingua, as artes plásticas, o cinema, a música, a fotografía, o ser humano, a bioloxía, as cadelas coas que comparto a vida...). Ata o momento publiquei poesía para persoas adultas (Andar ao leu, 2005; Arxilosa, 2005; Biografía da Multitude -en coautoría con Silvia Penas-, 2009; Camiahaikai, 2012 e Corpos transitivos, 2013) e tamén para crianzas (pAIAbrAsbrAncAs, 2008 e As redes de Inés, 2014). Este ano viu a luz en Urco Editora a miña “Maruja Mallo”, dentro da colección Mulleres Bravas da Nosa Historia e en breve sairá o meu último poemario: “Welcome to SingSing”, en Edicións Barbantesa. Grazas á literatura, voei a algúns lugares polo mundo adiante. Aínda gusto de voar, mais sempre sen que me recorten as ás. Nin remeiras nin temoeiras.

## o canastro que fala

Elvira Ribeiro Tobío

I do millo tamén do corvo e do pegho do paínzo das patacas que nunca chegaron a ser kennebec pero si de kennedy da economía precapitalista e preindustrial da fartura e da miseria do minifundio que chega até o extremo de dividir o canastro de dous claros entre irmáns e a metade foi para o que está en zurich e xa lle veu abaixo a cuberta e a outra metade foi para a que ficou na casa e forroulle con sintasol o chan e das metocas para que quede constancia de que así se chaman os paleiros as medas feitas coa palla do millo e de que aínda vin a miña nai facer algunha da vergoña enraizada que senten os que baten co angazo nos fociños e co canastro na testa e o que non teño de meu chámase paleira e o canteiro asinouna orgulloso en 1894 no casal venta de vinos ribeiro país y varios na corga de arriba que é un regatiño que baixa polo monte a par da casa da taberna de asorei desde centos de anos antes de que estivese hipotecada

II da madriña que gardaba as xoias na paleira por se lle entraban na casa que disque andan entrando

nas casas a plena luz do día gardábaas no canastro é dicir na paleira e dispuña as cabazas a par dos pendentes herdados da nai das tías solteiras e rabudas as caramesas e o brillo das mazarcas era custodio do brillo do colgante de filigrana en caixiña de plástico e falso veludo branco e de como os tornarratos chegaron a ser peañas para os testos de xeranos de uñas de gato de rosas de pitimín para os testos tarteiras vellas sen asas caldeiros da fregona recortados olas de ferro das que case emanaba un cheiro de unto vello nabizas orella chourizo ceboleiro se non fose a peste dos caraveis da china

III de como o millo ten caruncho o millo é un xigante verde e transxénico o millo é para as galiñas sácame iso de diante que o millo non se come é para os pitos para as quiricas para as galiñas e a pataca ten mera a pataca é unha pringle un produto de aperitivo frito con sabor a crema agre e cebola a pataca está deshidratada e nada fai lembrar na graxa vexetal no acidulante no emulxente E471 o escaravello raiado amarelo e negro insecto coleóptero dos crisomélidos que

literalmente morre polas patacas polas pataqueiras en flor polas de fritir e polas de cocer

IV de como para os de fóra é unha casiña pequena para adornar e como outros que son de dentro queren borrar o cheiro do esterco y no pises la bosta que te emporcallas toda desinfectar con lixivia perfumada o cheiro da terra húmida enriba dos chancos do millo debullado durante horas sobre a tina as pernas abertas e os carozos á parte para acender o lume ou tapar a garrafa do viño e queren borrar o cheiro do canastro da paleira do cabazo do piomo do canizo do celeiro do cabaceiro que hórreo é máis fino e non cheira tanto porque aparece no diccionario de la lengua española de la real academia española y mira qué bonito nos quedaba en el jardín a la vera de la piscina y un carro típico gallego con jardineras de aromáticas e por exemplo en cequeril segue a estar na eira e segue acugulándose de maínzo cada ano polo menos mentres non morran as poucas vellas aferradas á economía precapitalista e preindustrial mentres non as engula o xigante verde e transxénico que vén de camiño xa está aí xa está conaqueopariu



V de que lle meteron uralita e metéronlle ladrillo e metéronlle bloque de cemento e debaixo meteron as galiñas meteron os coellos meteron o porco meteron a cadela meteron o tendal dos días chuviosos e deslombábaste para pendurar a roupa en semellante tarandeira e mesmo chegaron a entrar os ratos e fixeron niño

de trapos e palla centea e tiñan espadas láser coándose entre as doelas e o zunido do vento facía desas mesmas doelas un trombón asañado e escorrentáballes o mico e esta pode dicirse que foi a última etapa do canastro antes de quedar mudo completamente antes de ser anano de xardín xunto co arado ou o cruceiro

este último sobre o céspede ben cortado de gentebien tan bien forrada de narcotráfico ou explotación salarial como para pagar un cruceiro de pedra a un artesán canteiro e chantalo alí e quedar tan campantes

VI xa o dixo magritte:  
isto non é un canastro